

MÚSICA



ALINE FRAZÃO

Cantante e compositora angoleña cun universo musical mestizo no que caben bossa-nova, fado, sambas, jazz...



PATRICIA MOON

Diferente, persoal, difícil de etiquetar, renova o pop alternativo con influencias da música clásica e do rock.

CINE



Versión cinematográfica da novela de Dulce Chacón, dirixida por Benito Zambrano e protagonizada por María León, relata a vida de dúas irmás na posguerra, e a súa loita pola liberdade e a xustiza.



Adaptación da obra de teatro de Yasmina Reza e levada ao cine por Roman Polanski. Os hábitos culturais, a educación dos fillos, a conciliación da vida familiar e traballo, a protección dos animais, a ética profesional, son algún dos temas que se tratan, con algunha que outra sorpresa.

E fun eu e cun coitelo partín unha coda de pan e paseillo ao velliño, que era José e este vai e bicouno denantes de roer nel e estivo mirando a miga tesa e mouro do noso pan de mar, que nunca tal vira, o mellor...

Olaf Gunnarson estivo en Belén. **Álvaro Cunqueiro**

No 2012

Regala experiencias compartidas, soños e desexos!



<http://bibliotecaiesanxenxo.blogspot.com/>

Nadal




BIBLIOTECA IES SANXENXO 2011

GUÍA DE LECTURAS Nº 13

Dende que descubrín os libros e as bibliotecas, para min, cada día do ano é Nadal.


Jean Fritz





Febre.
Héctor Carré. Ed. Xerais

Unha novela trepidante, de frechazo e de entrega dende o comezo: a voz feminina, a loita pola igualdade, a rebeldía para ser un mesmo... nos tempos do volframio en Galicia. Premio Xerais 2011.




Nómades
Xosé Tomás. Ed. Galaxia

Un feixe de historias sobre a emigración dende a voz das mulleres cunha habilidade para suxerir máis que para contar, acompañadas pola delicadeza do debuxo.





A aprendizaxe de Betsy
D. Canfield. Ed. Triquetra verde

A autora introduciu con este libro o método Montessori para os nenos máis desfavorecidos dos Estados Unidos. Un libro para recomendar e para transmitir a paixón pola lectura.




Noutra dimensión.
Marica Campo. Ed. Galaxia


Aventuras, viaxes, fantasía e realidade, as novas tecnoloxías, ironía e humor son os ingredientes dunha historia que te levará a descubrir outros horizontes.



CARMEN BLANCO



YOLANDA CASTAÑO




Los sueños de Helena
E. Galeano.
Ed. Libros del Zorro Rojo

Soños perdidos nunha illa, no aeroporto, bailes, medos, amores, bicos, amigos, o exilio, casas no aire, casas de palabras,, nubes, fíos sen fin... Todo un material onírico para estar ben esperto.



As aventuras de Tintín
Hergé. Ed. Juventud

Calquera título desta colección permitiranos acompañar a este heroe por diferentes países na busca de aventuras. Este Nadal tamén nos cines da man de Steven Spielberg,



Mans
X. Docampo. Ed. Everest Galicia

Con fotografías do seu fillo, o autor recolle o que é a Humanidade a través do canto das mans cunha grande capacidade evocadora.



Non hai noite tan longa.
Agustín Fernández Paz.
Ed. Xerais

Unha mensaxe de confianza no futuro e na recuperación da dignidade das persoas.



FELICES LectURaS !!